

RESOLUCIÓN POLA QUE SE FAI PÚBLICA A CONCESIÓN DA BOLSA DE MERCADOS EMISORES EN BRUXELAS CONVOCADA POLA RESOLUCIÓN DO 2 DE AGOSTO DE 2018 (DOG Núm. 153 do 10.08.2018)

Primeiro. O día 10.08.2018 publicouse no DOG a Resolución do 2 de agosto de 2018 pola que se regulan as bases para a concesión de bolsas de formación práctica de especialización en oficinas de turismo en mercados emisores durante os anos 2018 e 2019 (DOG Núm. 153 do 10.08.2018).

Esta resolución tiña por obxecto a aprobación das bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a concesión de 8 bolsas de formación práctica especializada en mercados emisores, en réxime de concorrencia competitiva nas seguintes cidades: Londres, París, Berlín, Os Ánxeles, Cantón, Milán, Bruxelas e São Paulo.

O programa formativo desenvolverase ao longo dos anos 2018 e 2019 cunha duración máxima de 10 meses, contados dende a data da incorporación das persoas bolseiras.

Segundo. Tras a realización das probas e a baremación dos méritos previstos na convocatoria por parte da Comisión de Valoración, e unha vez transcorrido o prazo do preceptivo trámite de audiencia, o día 09.11.2018 o órgano instrutor formulou un informe polo cal se propuxo a adxudicación das bolsas ás persoas que obtiveron a maior puntuación.

Terceiro. O 18.03.2019 a bolsa con destino Bruxelas quedou vacante, así pois, de acordo co establecido nas bases da convocatoria e atendendo ao informe-proposta de resolución elevado polo órgano instrutor o pasado 18.06.2019 esta dirección

RESOLVE:

Primeiro.-

Adxudicar a bolsa de Bruxelas á persoa que figura a continuación:

NOME E APELIDOS	DNI	DESTINO	DURACIÓN	DOTACIÓN ECONÓMICA
García Míguez, Paloma	XXXX8210X	BRUXELAS	3 meses	8.495,55€

Segundo. Contra esta resolución poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- Recurso potestativo de reposición ante a Dirección da Axencia Turismo de Galicia, no prazo dun mes computado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



- b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2019

A directora de Turismo de Galicia

M^a Nava Castro Domínguez

